

**IGADIPaper** é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

# VI CUMIO DOS BRICS: CREANDO UNHA NOVA ARQUITECTURA GLOBAL

- a) **Introdución**
- b) **Ferramentas para unha nova orde**
- c) **A inevitable preponderancia chinesa**
- d) **Visualizando unha eventual ampliación?**

## a) *Introdución*

A localidade brasileira de Fortaleza acolleu entre o 15 e 16 de xullo a sexta reunión dos países membros do grupo dos BRICS, acrónimo que desde a súa creación en 2008 reúne a países emerxentes como Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica (este último incorporado en 2010). A importancia estratéxica deste cumio devén do compromiso de impulsar un cambio estratéxico na orde económica global, en particular ante a perspectiva de modificar a arquitectura financeira coa creación de novos organismos como o Novo Banco de Desenvolvemento (NBD) e o Acordo de Reservas de Continxencia (ARC).

Recibidos pola presidenta brasileira **Dilma Rousseff**, este cumio dos BRICS reuniu ao mandatario ruso **Vladimir Putin**, o chinés **Xi Jinping**, o recen elixido primeiro ministro indio **Narendra Modi** (quen acudía ao seu primeiro cumio) e o surafricano **Jacob Zuma**. Igualmente asistiu como convidada a presidenta arxentina **Cristina Fernández de Kirchner**, no marco da reunión de clausura celebrada en Brasilia entre os líderes dos BRICS e os seus homólogos da Unión de Nacións Sudamericana (UNASUR).

Sen desestimar os efectos da crise económica, o ascenso das potencias emerxentes consolidan a potencialidade dos BRICS: o grupo ostenta arredor do 25% do PIB mundial, o 15% do comercio mundial, o 40% das

reservas monetarias internacionais e un 45% da forza laboral global. Paralelamente, os BRICS albergan ao 43% da poboación global, representan un 27% da superficie total e un 20% dos fluxos de investimento a nivel mundial. Contribuíndo en máis dun 50% ao crecemento económico mundial, o comercio entre os seus membros equivale tan só ao 1,5% do comercio global.

O peso do seu intercambio comercial experimentou un salto cualitativo e significativo na última década: en 2001, cando comezou a identificarse inicialmente ao BRIC, sen a inclusión surafricana, o intercambio comercial deste grupo abarcaba aproximadamente US\$ 21.000 millóns. Na actualidade, xa con Sudáfrica como membro, este intercambio supera os US\$ 280.000 millóns, un aumento do 13% con respecto á década anterior.

A creación do NBD, que terá a súa sede en Xangai (China), e do ARC como fondo de reservas, outorga ao grupo unha estrutura institucional viable a fin de acometer os efectos da crise económica, financiar os seus investimentos e proxectos de desenvolvemento (principalmente en infraestruturas) e pular por unha reestruturación da arquitectura financeira internacional, rematando así a preponderancia dos Acordos de Bretton Woods (1944), que fortaleceron a hexemonía do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional (FMI).

## b) *Ferramentas para unha nova orde*

Baixo o lema “*Crecemento incluínte: solucións sostibles*”, o consenso alcanzado no VI cumio dos BRICS en Fortaleza (Brasil) para crear un Novo Banco de Desenvolvemento (NBD) e o Acordo de Reservas de Continxencia (ARC), confirma a aposta máis decidida deste organismo na formulación de novas ferramentas de financiamento e de desenvolvemento que superen a ata agora incontestable hexemonía dos Acordos de Bretton Woods de 1944, que posibilitaron a creación do Fondo Monetario Internacional (FMI) e o Banco Mundial (BM).

Outros dous acordos fortaleceron esta perspectiva de institucionalización dos BRICS: un relativo á Cooperación Técnica entre Axencias de Crédito e Garantías ás

Exportacións, moi probablemente orientado a reducir a preponderancia das axencias de cualificación de risco á hora de influír en determinadas economías en crise; e outro sobre Cooperación e Innovación dos respectivos bancos nacionais de desenvolvemento.

A pesar de que os líderes dos BRICS evitaron publicamente identificar os seus proxectos como eventuais marcos de ruptura ou de confrontación co BM e o FMI, resulta visible a vontade do grupo de crear e fortalecer novos mecanismos de financiamento, investimentos e de desenvolvemento, que lles permita actuar cunha marxe de autonomía viable, reducindo así esa excesiva dependencia do sistema Bretton Woods. Esta visión permite aos BRICS dotarse dunha infraestrutura ins-

titucional acorde coas novas realidades da xeopolítica internacional, tendentes a propiciar mecanismos de cooperación multilateral.

Neste sentido, o NBD iniciará as súas operacións con US\$ 50.000 para progresivamente ir ampliándose cara os US\$ 100.000 en dous anos e a US\$ 200.000 en cinco anos. A énfase inicial do NBD será o financiamento dunha diversidade de proxectos (saúde, tecnoloxía, educación, medio ambiente, ciencia) pero con especial acento nas infraestruturas. Pola súa banda, o ARC estará inicialmente provisto de US\$ 100.000 millóns (73.000 millóns de euros). O reparto de cotas confirma a evidente preponderancia de China, principal prestamista cunha achega valorada en US\$ 41.000 millóns. Rusia, India e Brasil achegarán US\$ 18.000 millóns respectivamente, mentres a cota surafricana cífrase en US\$ 5.000 millóns.

A creación do NBD e da ARC pode igualmente explicarse polos efectos da desaceleración económica internacional, da caída dos prezos das materias primas e da depreciación de moedas dos países membros dos BRICS que, a excepción do yuan chinés, afectan actualmente á rupia india e o rand surafricano.

Igualmente, debe observarse con atención de qué forma confluirán o NBD e o ARC no seu cometido de autonomía financeira, en particular de cara a outros me-

### **c) A inevitable preponderancia chinesa**

No seu discurso, o presidente chinés Xi Jinping destacou a necesidade de construír unha cooperación de “*gañar-gañar*” acorde coas novas pautas para a gobernanza económica mundial. Sendo a principal economía dos BRICS, China comeza a asumir o seu peso económico, particularmente polo feito de ser o principal achegador de fondos no NBD, acollendo a súa sede en Xangai.

A estratexia “*gañar-gañar*” de Xi Jinping moi probablemente responde á pretensión de diminuír as expectativas e receos sobre a inevitable preponderancia de China dentro do organismo, tendo en conta a potencialidade dunha economía visiblemente maior en comparación co resto dos países membros dos BRICS, con taxas de crecemento anuais establecidas en torno ao 7%.

Un aspecto esencial que fortalece as perspectivas sobre a preponderancia e potencialidade de China son os investimentos en infraestruturas. Países como Brasil e

canismos de financiamento establecidos con anterioridade (FMI e BM), así como a Comunidade Andina de Fomento (CAF), o Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID), o Banco Nacional de Desenvolvemento Económico e Social (BNDES) de Brasil e incluso ante a activa presenza crediticia dos bancos chineses en América Latina, en particular o China Development Bank e o Exim Bank of China.

Cómpre destacar que os líderes dos BRICS esforzaronse neste cumio por promover e consolidar unha participación paritaria de cada un dos membros na composición das respectivas estruturas e directivas do NBD e do ARC. Esta premisa dominou os respectivos discursos dos líderes presentes, destacando igualmente a defensa exposta polo primeiro ministro indio Modi de colocar como prioridade para os BRICS a adopción da Axenda post-2015 dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio da ONU, principalmente á hora de impulsar programas de loita da pobreza e de seguridade alimentaria. Un aspecto moi relevante ante o feito de que os BRICS albergan a máis de 1.700 millóns de cidadáns no limiar da pobreza.

Na perspectiva de fortalecemento institucional do grupo, Modi tamén propuxo a creación dun Foro de Mozos Científicos e dunha Universidade dos BRICS.

India precisan dunha ampla rede de infraestruturas viarias, onde China posúe unha elevada experiencia de cooperación. Neste sentido, o NBD cobrará un peso específico chave á hora de potenciar o desenvolvemento interno dos BRICS, contando co inevitable peso económico chinés.

Con todo, esta preponderancia chinesa no NBD, así como o énfase deste organismo en potenciar proxectos de infraestruturas provocou diversas críticas, principalmente desde grupos ecoloxistas e activistas sociais<sup>(1)</sup>.

1) Neste apartado, compre destacar as críticas sobre o efecto ambiental e social dos programas de infraestruturas establecido para o NBD, así como as denuncias sobre a situación dos dereitos humanos nos países BRICS, en particular en China e Rusia. Para maior información, consultar: OSAVA, Mario, “Naciente Fondo monetario de los BRICS puede repetir inequidades”, *Inter Press Service en español*, 14 de xullo de 2014. Ver en: <http://www.ipsnoticias.net/2014/07/naciente-fondo-monetario-del-brics-puede-repetir-desequilibrios/>. Tamén do mesmo autor: “Banco dos BRICS frustra a activistas de reformas internacionais”, *Inter Press Service en español*, 17 de xullo

Todo isto sen infravalorar en qué medida a fortaleza económica chinesa pode crear friccións cos outros países

de 2014. Ver en: <http://www.ipsnoticias.net/2014/07/banco-del-brics-frustra-a-activistas-de-reformas-internacionales/>

#### d) *Visualizando unha eventual ampliación?*

Centrada a atención na creación de instrumentos financeiros e institucionais autónomos, o cumio de Fortaleza deixou igualmente entrever a eventualidade dunha hipotética ampliación dos BRICS, en aras de fortalecer a súa composición e de consolidar a súa visión multipolar e multilateral. Apréciase así neste cumio a vontade dos BRICS de traspasar a súa preeminencia económica para fortalecer unha visión de influencia política a nivel mundial.

A presenza da mandataria arxentina Cristina Fernández de Kirchner, convidada polos seus homólogos ruso, indio e chinés, foi explicada oficialmente polo goberno arxentino como a eventual preparación a medio prazo dun hipotético ingreso arxentino nos BRICS. Con todo, outros observaron a presenza de Fernández de Kirchner como unha antesala á posterior reunión BRICS-UNASUR, así como un xesto de apoio a Arxentina ante seu risco de *default* financeiro, á vista do pulso que leva a cabo cos organismos financeiros internacionais (os fondos especulativos ou “fondos voitres”) e a renegociación da súa débeda, parcialmente saldada polo acordo de maio pasado co Club de París.

Paralelamente, o cumio dos BRICS aconteceu nun contexto particularmente estratéxico, coincidindo coas respectivas xiras latinoamericanas de Putin (Ecuador, Arxentina, Venezuela, Bolivia, Guáiana, Cuba, Colombia, Paraguai, Perú, Surinam e Chile) e Xi Jinping (Arxentina, Brasil, Venezuela e Cuba). Ambas visitas manifestan intereses xeopolíticos parcialmente distintos: no caso ruso, ademais de fortalecer lazos comerciais, Putin busca recrear alianzas hemisféricas, principalmente enerxéticas e militares, para contrarrestar a presenza estadounidense na súa periferia euroasiática, con particular incidencia na crise ucraína.

Pola súa banda, a segunda xira latinoamericana de Xi Jinping corresponde ao fortalecemento de lazos económicos e da visión multipolar de Pequín con importan-

tes socios comerciais chineses, particularmente Venezuela (aspecto enerxético), e Brasil (infraestruturas), sen menoscabar a histórica cooperación con Cuba, aspecto que cobra maior incidencia económica ante as reformas impulsadas polo presidente cubano **Raúl Castro** desde 2008, particularmente visible na amplitude da Zona Económica Especial de Mariel.

Tralo cumio BRICS-UNASUR, Xi Jinping asistiu en Brasilia ao encontro entre China e a Comunidade de Estados Latinoamericanos e do Caribe (CELAC), avanzando na definición dunha axenda de cooperación ata o 2019. China observa con notable interese a potencialidade estratéxica latinoamericana á hora de afianzar a visión multipolar que desexa establecer, cos BRICS como notable polo de vertebración. Neste sentido, impulsa a creación do Foro China-América Latina Caribe que se reunirá en xaneiro próximo.

Os BRICS asumen que o seu peso xeopolítico inevitablemente influirá na reestruturación do sistema global. Fortalece este peso a presenza de tres potencias militares e nucleares (Rusia, China e India), as dúas primeiras membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU. No relativo ao “*soft power*”, China comeza a emerxer neste apartado mentres Brasil e Sudáfrica apostan pola diplomacia “moderadora”, sen notorias ambicións militares, aínda que Brasil posúe un importante sector militar e industrial. Igualmente, outras potencialidades se centran no sector enerxético, particularmente o petróleo e gas natural ruso e as reservas estimadas de autosuficiencia enerxética para Brasil no seu Presal.

Se ben no cumio de Fortaleza non se abordaron aspectos relativos á ampliación, salvo a perspectiva que planea sobre Arxentina, ven sendo unha realidade o feito de que outros países emerxentes como Turquía, Indonesia, Corea do Sur e México observan con interese a apertura de mecanismos de admisión nos BRICS.

IGADI. 22 de xullo de 2014.